

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 26 DE XUÑO

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00028602V.

Ratificación da urxencia da convocatoria |

Ratifícase a urxencia.

### 2. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00010169F.

PRORROGAR durante TRES MESES o prazo inicialmente concedido para a sinatura da Acta de entrega polo Concello de Santiago de Compostela á Deputación da Coruña da posesión do inmovible municipal de natureza demanial sito na Praza do Matadoiro 4. | Acórdase PRORROGAR durante TRES MESES o prazo inicialmente concedido para a sinatura da Acta de entrega polo Concello de Santiago de Compostela á Deputación da Coruña da posesión do inmovible municipal de natureza demanial sito na Praza do Matadoiro 4, con referencia catastral 7778793NH3477H. O prazo prorrogado comezará a contar desde o día seguinte á notificación á Deputación da Coruña do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local da Cidade de Santiago de Compostela. Mantense o contido do resto das condicións de adscripción que constan no acordo de 23 de marzo de 2023.

### 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00011424C.

Adxudicación das Obras para a eliminación de humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII. |

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras para a eliminación de humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII a BELENUS NATUR SLU, que presenta unha proposición económica de 200.230,88 € (execución por contrata de 165.480,07 € máis IVE do 21% de 34.750,81 €). Ademais, BELENUS NATUR SLU compreteu na súa oferta as seguintes melloras:

- Unha ampliación do prazo de garantía de 5 anos por riba do mínimo exixido nos pregos.
- Unha ampliación do 2% das medidas de control de calidade por riba do mínimo exixido nos pregos.
- Unha ampliación do 1% das medidas de control de calidade por riba do mínimo exixido nos pregos.

Designase como responsable do contrato o Director Facultativo da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento do contrato efectuarao o departamento Servizo de Obras e Proxectos, que lle asigna este cometido á arquitecta Teresa Vázquez Hernández.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 200.230,88 € con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 6320000.


### 4. SECRETARIA XERAL

Aprobación de persoal eventual |

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o número, retribucións e características do persoal eventual que se relaciona a seguir:

1. Tres persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo A1 e nivel 22, cun custo anual de



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

45.890,84 euros cada posto.

2. Catro persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 22, cun custo anual de 39.945,44 euros cada posto.

3. Dúas persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 20, cun custo anual de 33.730,00 euros cada posto.

4. Tres persoas asesoras, en réxime de xornada completa. Equiparada a efectos retributivos cos funcionarios municipais do subgrupo C1 e nivel 18, cun custo anual de 31.464,66 euros cada posto.

Segundo. Esta proposta non supón incremento de gasto para o exercicio 2023.